

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de marzo de 2024**

Ás 17.00 horas do día 13 de marzo de 2024, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 15 de febreiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO “ESCOLAS DE VERÁN DEPOURTIVAS”

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.^a Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, sinala que lle parece un servizo moi adecuado e pregunta pola posibilidade de amplialo ao mes de agosto e de establecer unha redución de prezos para familias con dificultades.

O **Sr. presidente** explica que se trata dun servizo que se prestou no ano 2023 por primeira vez e que é novidoso, polo que se está valorando o número de prazas e a extensión temporal. Respecto ao prezo, sinala que como consta no informe, en todo caso é un prezo subvencionado case no 50% e entende que asumible para as familias. Durante o mes de agosto o Pazo dos Deportes Paco Paz historicamente pecha as súas portas para que o persoal colla as súas vacacións e se fagan todos os preparativos nas infraestruturas para a súa apertura no mes de setembro.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar os prezos públicos pola prestación do servizo “Escolas de verán DepOURtivas”.

Segundo.- O custo máximo desta actividade, tal e como se desprende do informe achegado con esta proposta, sería de dezasete mil douscentos cincuenta e seis euros (17.256,00 €).

Tendo en conta que o número máximo de participantes podería ser de trescentos vinte (320) rapaces e rapazas, o custe por participante para cubrir o custo real e efectivo do devandito servizo, sería de cincuenta e tres euros con noventa e tres céntimos (**53,93 €**).

Á vista das razóns sociais e de interese público reflectidas nesta proposta, propónse que o importe dos prezos públicos pola prestación do servizo “escolas de verán DepOURtivas”, sexan bonificados con carácter xeral, nunha porcentaxe do 44,37 % na modalidade de escola básica, incluíndo o acollemento matinal, de conformidade co seguinte cadro:

“ESCOLAS DE VERÁN DEPOURTIVAS”	
MODALIDADE	PREZO PÚBLICO/ POR SEMANA
ESCOLA BÁSICA	
08:00-09:00 (acollemento matinal)	30,00 €/usuari@/por semana
09:00-14:00	

Terceiro.- Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase o disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación de Ourense (BOP nº 139, do 19 de xuño de 2014) e na Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”. (BOP núm. 107 de data 11.05.2023).

Cuarto.- Publicar o acordo de establecemento do importe dos prezos públicos pola prestación do servizo “escolas de verán DeOURtivas” no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor a partir do día seguinte da dita publicación. Así mesmo será obxecto de publicación na páxina web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, así como no

taboleiro de anuncios da sede electrónica de Deputación de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>).

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se houbo alegacións ao Plaen CooperOu.

O Sr. secretario explica que o prazo de exposición pública finaliza esta semana e que, en principio, non constan alegacións. O seguinte paso será publicar un anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial no BOP e que a partir de aí os concellos poderán presentar a súa documentación.

E, ás 17.08 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.